



Afiliacións á Seguridade Social por concello de residencia da persoa afiliada

METODOLOXÍA

1. Obxectivo

O principal obxectivo desta operación estatística é caracterizar o mercado laboral de Galicia, a partir das persoas afiliadas ao Sistema da Seguridade Social, que se atopen en alta laboral a último día hábil do mes. En particular, búscase coñecer o número de persoas afiliadas en cada concello, co criterio do lugar de residencia da persoa, así como a súa distribución en base ás características persoais do traballador ou da traballadora: o xénero, a idade, a nacionalidade, etc. Tamén se clasifican as afiliacións mensuais en alta laboral segundo o concello de residencia da persoa afiliada e as características da afiliación: o sector de actividade, o réxime de afiliación, etc.

2. Ámbitos de investigación

Ámbito poboacional

A poboación obxecto de investigación é o conxunto de persoas afiliadas á Seguridade Social, que se atopen en alta laboral a último día hábil de mes, con residencia na Comunidade Autónoma de Galicia segundo conste no Padrón Municipal de Habitantes do Instituto Nacional de Estadística (INE).

Non están incluídas no marco da operación estatística as persoas que cotizan á Seguridade Social por outros motivos, como por exemplo os e as perceptores/as de prestacións por desemprego ou as persoas rexistradas no Sistema só a efectos de percibir asistencia sanitaria.

Tampouco se recollen nesta estatística os traballadores e as traballadoras que cotizan a un sistema de provisión social distinto ao da Seguridade Social como, por exemplo, os funcionarios e as funcionarias de clases pasivas.

Hai que ter en conta que o número de afiliacións non se corresponde necesariamente co de persoas traballadoras, senón co de situacións que xeran a obriga de cotizar. É dicir, a mesma persoa contabilízase tantas veces como situacións de cotización teña, xa sexa

porque realiza varias actividades laborais distintas dentro dun mesmo réxime¹, ou ben porque cotiza en varios réximes distintos ao mesmo tempo². Nesta operación estatística difúndese información tanto das afiliacións en alta laboral, coma das persoas afiliadas á Seguridade Social.

Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico abarca todo o territorio galego.

As afiliacións clasíficanse segundo o concello de residencia da persoa afiliada. Para obter o valor deste, crúzase o ficheiro de afiliacións á Seguridade Social co Padrón Municipal de Habitantes do INE.

Ámbito temporal

O ámbito temporal correspón dese co último día hábil de cada mes dende xaneiro/2022. Con anterioridade a esta data, correspondía ao último día hábil do trimestre.

3. Definicións

Afiliación á Seguridade Social en alta laboral: a afiliación é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador ou da traballadora e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que se poidan producir con posterioridade. É dicir, o traballador ou a traballadora afíliase cando comeza a súa vida laboral (alta inicial) e a empresa o/a dá de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social (ou se dá de alta a si mesmo/a no caso do emprego autónomo). No caso de que cese a súa actividade, a afiliación será dada de baixa pero a persoa seguirá afiliada, neste caso en situación de baixa laboral. Cando retome a actividade, producirase unha nova alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, sen que a persoa teña que afiliarse de novo ao Sistema.

O número de afiliacións non se corresponde necesariamente co de traballadores e traballadoras, senón co de situacións que xeran a obriga de cotizar ao Sistema. É dicir, unha mesma persoa contabilízase tantas veces como situacións de cotización distintas

¹ Por exemplo, unha persoa que preste servizos por conta allea nunha empresa da rama do comercio a metade da xornada e, a outra metade, traballe nunha axencia de viaxes.

² Por exemplo, unha persoa que cotice no Réxime Xeral porque traballa por conta allea nunha empresa pero que sexa, a súa vez, propietario da súa propia empresa, na que tamén traballa, e cotice no Réxime Especial de Traballadores e Traballadoras Autónomas.

teña, xa sexa porque realiza varias actividades laborais nun mesmo réxime ou en varios réximes.

Réxime de afiliación: a estrutura do Sistema da Seguridade Social está integrada polo Réxime Xeral e os Réximes Especiais establecidos para algunas actividades profesionais particulares:

Réxime Xeral³: estarán incluídos no Réxime Xeral, entre outras, as seguintes categorías de traballadores e traballadoras:

- Os traballadores e as traballadoras españolas por conta allea da industria e dos servizos e asimilados a estes, que exerzan normalmente a súa actividade no territorio nacional.
- Os socios e socias traballadoras de sociedades laborais e de sociedades mercantís capitalistas.
- Os traballadores e as traballadoras españolas non residentes en territorio nacional ao servizo da Administración española no exterior.
- Os estranxeiros e as estranxeiras con permiso de residencia e de traballo en España que traballen por conta allea na industria ou nos servizos e exerzan a súa actividade en territorio nacional.
- Persoal (funcionario ou laboral) da Administración Local.
- Laicos ou segrares que presten servizos retribuídos en institucións eclesiásticas.
- As persoas que presten servizos retribuídos en entidades ou institucións de carácter benéfico social.
- Funcionarios e funcionarias en prácticas que aspiren a incorporarse a corpos ou escalas que non estean suxeitos ao réxime de clases pasivas, así como os altos cargos das administracións públicas que non sexan funcionários; tamén, os funcionários e as funcionarias de novo ingreso das Comunidades Autónomas.
- Funcionarios e funcionarias transferidas ás Comunidades Autónomas, que ingresen voluntariamente en corpos ou escalas propios da Comunidade

³ Pode consultarse a descripción completa de todos os grupos de traballadores e de traballadoras incluídas no Réxime Xeral no proxecto técnico desta estatística, en https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/proyectosTecnicos/24-106_AfiliacionASeguridadSocialporConcelloResidenciaAfiliado.pdf

Autónoma de destino; tamén se inclúe o persoal interino ao servizo da Administración de Xustiza.

- Os seguintes Rexímenes Especiais integrados:
 - o Representantes de comercio.
 - o Artistas.
 - o Profesionais taurinos.
- Os seguintes Sistemas Especiais:
 - o Traballadores e traballadoras fixas descontinuas de empresas de estudos de mercado e opinión pública.
 - o Traballadores e traballadoras fixas descontinuas de cines, salas de baile e de festa e discotecas.
 - o Manipulado e empaquetado de tomate fresco, realizado por colleiteiros/as exportadores/as.
 - o Servizos extraordinarios de hostalería.
 - o Industria da resina.
 - o Froitas, hortalizas e industria de conservas vexetais.
 - o Agrario: con efecto o día 1 de xaneiro de 2012 os traballadores e as traballadoras do Réxime Especial Agrario (conta allea) inclúense dentro do Réxime Xeral da Seguridade Social, mediante a creación do Sistema Especial Agrario.
 - o Empregados e empregadas do fogar: desde o día 1 de xaneiro de 2012 os traballadores e as traballadoras incluídas no Réxime Especial de Empregados/as do Fogar quedan integradas dentro do Réxime Xeral, mediante a creación do Sistema Especial para Empregados/as do Fogar.

Sistema Especial Agrario: é un sistema especial dentro do Réxime Xeral, no cal están incluídos os traballadores e as traballadoras por conta allea que realizan labores agrícolas, forestais, pecuarias ou actividades auxiliares ou complementarias en explotacións agrarias, así como os empresarios aos que presten os seus servizos. A integración deste sistema especial no Réxime Xeral produce efectos dende o día 1 de xaneiro de 2012. Non obstante, co obxecto de non romper as series de datos difundidas, con información previa e posterior ao

momento no que se produce esta integración, nas táboas de resultados segue a manterse a distinción práctica entre o Réxime Xeral e o Sistema Especial Agrario.

Sistema Especial de Empregados e Empregadas do Fogar: é un sistema especial dentro do Réxime Xeral, no cal están incluídos os traballadores e as traballadoras que reúnan os seguintes requisitos:

- Ser maior de 16 anos.
- Que presten servizos exclusivamente domésticos para un ou varios titulares do fogar familiar, ou a un grupo de persoas, que sen constituír unha familia, convivan no mesmo fogar con tal carácter familiar.
- Que estes servizos sexan prestados na casa que habite o titular do fogar familiar e demais persoas que compoñen o fogar.
- Que perciba por este servizo un soldo ou remuneración de calquera clase.

Esta integración afectou tanto aos traballadores e traballadoras que prestaban servizos con carácter fixo para o titular dun fogar familiar, como aos denominados "descontinuos", que traballaban para varios titulares de fogares familiares. A integración deste sistema especial no Réxime Xeral produce efectos dende o día 1 de xaneiro de 2012. Estableceuse un período transitorio dende o 1 de xaneiro ao 30 de xuño de 2012 para que os/as empregadores/as e os/as traballadores/as procedentes do antigo Réxime Especial da Seguridade Social de Empregados e Empregadas do Fogar comunicasen á TXSS o cumprimento das condicións esixidas para a súa inclusión neste sistema especial. Non obstante, e co obxecto de non romper as series de datos difundidas, nas táboas de resultados segue a manterse a distinción práctica entre o Réxime Xeral e o Sistema Especial de Empregados e Empregadas do Fogar.

Réxime Especial da Minería do Carbón: están incluídos neste réxime os traballadores e as traballadoras por conta allea que prestan os seus servizos a empresas que realicen as seguintes actividades relativas á minería do carbón:

- Extracción de carbón nas minas subterráneas.
- Explotación de carbón a ceo aberto.
- Investigacións e recoñecementos.
- Aproveitamento de carbóns e augas residuais con materias carbonosas.
- Escollido de carbón en vertedoiros de cascallo.

- Fabricación de aglomerados de carbón mineral.
- Fornos de producción de cok (con exclusión dos pertenentes á industria siderometalúrxica).
- Transportes fluviais de carbón.
- Actividades secundarias ou complementarias das anteriores.

Réxime Especial de Traballadores e Traballadoras Autónomas: enténdese como traballador e traballadora por conta propia ou autónomo/a, aquela persoa que realiza de xeito habitual, persoal e directa unha actividade económica a título lucrativo, sen suxeición por ela a un contrato de traballo e áinda que utilice o servizo remunerado doutras persoas, sexa ou non titular dunha empresa individual ou familiar. Presuporase, salvo proba do contrario, que a persoa afiliada é un traballador ou traballadora por conta propia ou autónomo/a se ostenta a titularidade dun establecemento aberto ao público como propietaria, arrendataria, usufrutuaria ou outro concepto análogo. Estarán incluídos neste réxime especial, entre outras, as seguintes categorías de traballadores e traballadoras:

- Traballadores e traballadoras maiores de 18 anos que, de forma habitual, persoal e directa, realizan unha actividade económica a título lucrativo, sen suxeición a contrato de traballo.
- O cónxuge e familiares ata o 2º grao inclusive por consanguinidade, afinidade ou adopción que colaboren co traballador ou coa traballadora autónoma de forma persoal, habitual e directa e non teñan a condición de asalariados/as.
- Os escritores e as escritoras de libros
- Profesionais que exerzan unha actividade por conta propia, que a incorporación a un Colexio Profesional cuxo colectivo se integrara no Réxime Especial de Traballadores/as Autónomos/as.
- Os socios e as sociais de sociedades regulares colectivas e de sociedades comanditarias.
- Os socios e as socias traballadoras das Cooperativas de Traballo Asociado, cando estas opten por este réxime nos seus estatutos.
- Comuneiros/as ou socios/as de comunidades de bens e sociedades civís irregulares.

- Quen exerza funcións de dirección e xerencia que implique o desempeño do cargo de conselleiro/a ou administrador/a, ou preste outros servizos para unha sociedade mercantil capitalista, a título lucrativo e de forma habitual, persoal e directa, sempre que posúa o control efectivo, directo e indirecto, daquela.
- Os socios e socias traballadoras das sociedades laborais, cando a súa participación no capital social (xunto co do seu cónxuge e parentes, cos que conviva) acade ao menos o 50%.

En xaneiro de 2008 desapareceu o Réxime Especial Agrario por Conta Propia e os seus afiliados e afiliadas integráronse no Réxime Especial de Autónomos/as.

Réxime Especial de Traballadores e Traballadoras do Mar: este réxime desagrégase en dous subgrupos, tendo en conta se a persoa traballadora desenvolve unha actividade por conta allea ou por conta propia:

- Traballadores e traballadoras por conta allea: están incluídos neste subtipo as seguintes categorías:
 - Persoas traballadoras que exerzan a súa actividade marítimo-pesqueira ao bordo das seguintes embarcacións, buques ou plataformas, figurando no rol destes como técnicos ou tripulantes: de mariña mercante, de pesca marítima, de tráfico interior de portos, de embarcacións deportivas e de recreo, de plataformas fixas ou instalacións susceptibles de realizar operacións de exploración ou explotación de recursos mariños, sobre o leito do mar, ancorados ou apoiados nel.
 - Persoas traballadoras que exerzan a súa actividade a bordo de embarcacións ou buques da mariña mercante ou pesca marítima, enrolados como persoal de investigación, observadores de pesca e persoal de seguridade.
 - Persoas traballadoras dedicadas á extracción de produtos do mar.
 - Persoas traballadoras dedicadas á acuicultura desenvolvida en area e en láminas de auga, tales como bancos cultivados, parques de cultivos, bateas e gaiolas⁴.

⁴ Quedan excluídas desta categoría as persoas traballadoras por conta allea que presten os seus servizos para empresas dedicadas á acuicultura terrestre, como criadeiros, granxas mariñas e

- Mergulladores extractores de recursos mariños.
- Redeiros e redeiras.
- Estibadores portuarios.
- Prácticos de porto.
- Traballadores e traballadoras por conta propia: aquelas persoas que realicen de forma habitual, persoal e directa, fóra do ámbito de dirección e organización doutra persoa e a título lucrativo algunha das seguintes actividades:
 - Actividades marítimo-pesqueiras a bordo das seguintes embarcacións ou buques, figurando tales persoas traballadoras ou armadores no rol destes como técnicos ou tripulantes: de mariña mercante, de pesca marítima en calquera das súas modalidades, de tráfico interior de portos, deportivas e de recreo.
 - Acuicultura desenvolvida en zona marítima ou marítimo-terrestre.
 - Os e as mariscadores/as, percebeiros/as, recolledores de algas e análogas actividades.
 - Mergulladores extractores de recursos mariños.
 - Redeiros e redeiras.
 - Prácticos de porto.
 - O cónxuge e parentes por consanguinidade ou afinidade ata o segundo grao incluído, de calquera persoa traballadora por conta propia incluída tamén neste réxime, que traballen con estas nas súas explotacións de forma habitual, convivan coa cabeza de familia e dependan economicamente del ou dela, agás que demostren a súa condición de asalariados/as.

4. Recollida da información

En abril de 2011, o Instituto Galego de Estatística (IGE) firmou un convenio de colaboración en materia estatística coa Tesourería Xeral da Seguridade Social (en adiante, TXSS) e co Instituto Social da Mariña, polo cal recibiría trimestralmente a seguinte información extraída do ficheiro xeral de afiliación:

centros de investigación de cultivos mariños; así mesmo, quedan excluídas tamén as persoas dedicadas á acuicultura en auga doce.

- Ficheiro de afiliacións en alta laboral a último día hábil do derradeiro mes do trimestre de referencia, relativas a persoas que traballan por conta allea e figuran inscritas en contas de cotización radicadas en Galicia, así como as afiliacións por conta propia cuxa unidade de xestión/tesourería se atope nalgunha provincia galega.
- Ficheiro de contas de cotización en alta a último día hábil do derradeiro mes do trimestre de referencia, así como as baixas producidas durante os tres meses do trimestre, radicadas na Comunidade Autónoma de Galicia.

En abril de 2021, renovouse o convenio de colaboración en materia estatística entre a TXSS, o Instituto Social da Mariña e o IGE, que introduce as seguintes modificacións na información recibida:

- A periodicidade do envío dos ficheiros pasa de trimestral a mensual, polo que, no canto de catro recepcións no ano, pasan a recibirse doce ficheiros con información referida a cada mes.
- Ademais de recibir información de persoas que traballan en Galicia (ben por conta allea ou ben por conta propia), recibiránse tamén rexistros relativos a afiliacións de persoas que figuran inscritas en contas de cotización fóra da Comunidade Autónoma (no caso do traballo por conta allea; no caso do traballo por conta propia, cuxa unidade de xestión/tesourería se atope fóra de Galicia), pero cuxo domicilio de residencia (segundo consta nas bases de datos da Seguridade Social) se atope dentro da Comunidade Autónoma galega.
- Ao recibir información de persoas que traballan fóra de Galicia (pero residen aquí, sempre baixo o criterio da Seguridade Social), recibiránse tamén os correspondentes rexistros das contas de cotización de fóra de Galicia nas que figuran inscritas.
- Por último, ademais das afiliacións en alta laboral a último día hábil do mes, recibirásen tamén información das afiliacións que figurassen en alta laboral nalgún momento do mes de referencia pero que, a último día hábil, se atopasen en situación de baixa, tanto relativas a persoas que traballan e residen en Galicia, que traballan pero non residen aquí ou que residen en Galicia pero non traballan nesta Comunidade Autónoma; ademais, para identificar o momento e a causa polo que a afiliación foi dada de baixa, incorpóranse dúas variables novas ao ficheiro de afiliacións, a data de baixa da afiliación e a causa de baixa.

Polo tanto, a data de referencia da información corresponde ao último día hábil do trimestre ata decembro/2021 (incluído)⁵, e ao último día hábil do mes de referencia dende xaneiro/2022.

Nos ficheiros que facilita a Seguridade Social figuran as afiliacións inscritas nalgún dos réximes integrados dentro deste Sistema: Réxime Xeral, cos seus sistemas especiais (Agrario e de Empregados e Empregadas do Fogar), Réxime Especial da Minería do Carbón, Réxime Especial de Traballadores e Traballadoras Autónomas e Réxime Especial de Traballadores e Traballadoras do Mar. Nos ficheiros non figuran, polo tanto, aquelas persoas que cotizan a outros réximes de protección social: MUFACE, ISFAS, MUGEJU, etc.

O ficheiro de afiliacións conta cun rexistro por cada afiliación no sistema da Seguridade Social. É dicir, non hai un rexistro por cada persoa afiliada, senón que poden existir varios rexistros (afiliacións) que correspondan a unha mesma persoa.

No referido ao ficheiro de contas de cotización, abrangue calquera tipo de empresa, do sector privado ou do público, e actividade, exceptuando aos traballadores e ás traballadoras por conta propia que non contén con persoal asalariado. As empresas deben dispor, ao menos, dun código de conta de cotización por cada provincia onde realicen unha actividade produtiva ou prestación de servizos, por cada réxime de cotización ao que vinculen aos seus empregados e as súas empregadas e por cada actividade económica (segundo a codificación da Clasificación Nacional de Actividades Económicas, CNAE-2009) que desempeñen. Polo tanto, hai que ter en conta que os códigos de conta de cotización non identifican necesariamente aos centros de traballo da empresa ou entidade.

Nesta estatística preséntanse resultados a nivel municipal, empregando o criterio do concello de residencia para clasificar a persoa. Este obtense do cruce entre o ficheiro de afiliacións co Padrón Municipal de Habitantes que o INE envía periodicamente, en virtude dun Convenio sobre cooperación estatística e intercambio de información entre o INE e o IGE, firmado en maio de 2020⁶. En virtude deste convenio, o INE envía semestralmente ao IGE os ficheiros de microdatos do Padrón con data de referencia o 1 de xaneiro e o 1 de xullo de cada ano.

⁵ Coa excepción dos tres primeiros trimestres de 2011, nos que as datas de referencia son o 6 de abril para o primeiro, o 6 de xullo para o segundo e o 6 de outubro para o terceiro. Con anterioridade a 2011, o envío era semestral; ademais, algúns aspectos metodolóxicos variaron coa firma do convenio de 2011 entre o IGE e a TXSS, polo que os datos anteriores a este ano figuran en táboas distintas. A serie actual comeza en abril/2011 e non se interrompe co cambio de convenio entre o IGE e a TXSS en 2021.

⁶ Este Convenio, a súa vez, substitúe a un acordo previo, firmado o 30 de xaneiro de 2002.

Cada ficheiro de afiliacións crúzase co ficheiro do Padrón Municipal de Habitantes que teña a data de referencia máis próxima ao de afiliacións e que estea dispoñible no momento da difusión da operación⁷.

Nos rexistros do ficheiro de afiliacións correspondentes a persoas que non figuran inscritas no Padrón Municipal de Habitantes de Galicia, o concello de residencia corresponde ao que figura no ficheiro da Seguridade Social.

5. Variables de clasificación e aspectos metodolóxicos

Como xa se indicou anteriormente, o ficheiro de afiliacións conta cun rexistro por cada afiliación polo que, á hora de publicar resultados referidos a afiliacións, cada persoa contabilízase tantas veces como situacións de cotización distintas teña, ben sexa porque realiza varias actividades laborais nun mesmo réxime ou en varios.

Por outra banda, dende o día 1 de xaneiro de 2012 os traballadores e as traballadoras incluídas no Réxime Especial do Fogar pasaron a estar integradas dentro do Réxime Xeral, mediante a creación dun sistema especial propio. A forma de contabilizar as afiliacións no caso dos empregados e das empregadas do fogar cambia a partir dese momento: mentres que para os restantes réximes se contabiliza o número de afiliacións, para este sistema especial cóntase o número de persoas, seguindo o criterio que emprega o Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones na publicación das súas estatísticas.

Pola súa banda, á hora de publicar resultados referidos a afiliados/as, cada traballador ou traballadora contabilízase unha soa vez, con independencia do número de afiliacións nas que figure en alta laboral a último día hábil de mes.

A continuación faise unha pequena descripción das principais variables de clasificación utilizadas na difusión dos resultados:

Concello de residencia da persoa afiliada: concello no que figura empadroada a persoa afiliada, segundo o Padrón Municipal de Habitantes do INE; no caso de que a persoa non figure neste rexistro, será o concello de residencia que figura no ficheiro de afiliacións da Seguridade Social.

⁷ En concreto, os ficheiros de afiliacións correspondentes aos meses de xaneiro a xuño de cada ano crúzanse co Padrón a 1 de xaneiro dese ano, e os correspondentes aos meses de xullo a decembro co Padrón a 1 de xullo.

Grupo de idade: obtense a partir da data de nacemento que figura no ficheiro de afiliacións da Seguridade Social.

Sexo: obtense tamén do ficheiro de afiliacións da Seguridade Social.

Nacionalidade: obtense tamén do ficheiro de afiliacións da Seguridade Social.

Actividade económica: para os traballadores e as traballadoras por conta propia (tanto do Réxime Especial de Autónomos/as como do Réxime Especial de Traballadores e Traballadoras do Mar conta propia) reflicte o código da actividade (segundo a Clasificación Nacional de Actividades Económicas CNAE-2009) rexistrado no ficheiro de afiliacións. Para os traballadores e as traballadoras por conta allea (Réxime Xeral, incluídos os Sistemas Especiais do Fogar e Agrario, o Réxime Especial do Mar por conta allea e o Réxime Especial da Minería do Carbón), a actividade económica obtense do ficheiro de contas de cotización. Públícanse resultados por sector de actividade a nivel de concello de residencia (agricultura e pesca, industria, construcción e servizos); tamén se publica información cunha maior desagregación sectorial, a nivel de sección de actividade (e incluso agrupada en ramas para o sector industrial), por comarcas de residencia e nos concellos que superan os 20.000 habitantes.

Especialización laboral: a partir da actividade económica, calcúlase a especialización produtiva de cada comarca, empregando un indicador de especialización laboral similar ao de especialización produtiva calculado no marco da operación Produto interior bruto municipal⁸ do IGE. Este indicador, no caso desta operación estatística, resulta de dividir o peso de cada rama de actividade na afiliación total da comarca entre o peso dessa mesma rama na afiliación total de Galicia. A rama de especialización laboral da comarca será aquela na que se rexistre o indicador máis elevado.

Réxime de afiliación: indica o réxime de afiliación no que figura inscrita a persoa. As afiliacións do Sistema Especial de Empregados e Empregadas do Fogar e do Sistema Especial Agrario públícanse de forma separada do Réxime Xeral (a pesar de que na actualidade figuren integrados neste) para poder establecer comparacións cos datos anteriores ao ano 2012.

Cociente entre o número de persoas afiliadas e o paro rexistrado: aproveitando a información difundida na web do IGE sobre o número de persoas inscritas como

⁸ Esta operación estatística pode consultarse dende a seguinte ligazón:
https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estatistica.jsp?idioma=gl&codigo=0307007007

demandantes de emprego no Servizo de Emprego Público Estatal (SEPE)⁹, más coñecido como paro rexistrado, calcúlase o cociente entre o volume de persoas afiliadas en alta laboral e este dato. Este indicador pode considerarse unha aproximación á relación entre ocupación e paro nos ámbitos xeográficos onde non se dispón de información procedente da Enquisa de Poboación Activa (EPA)¹⁰.

Indicadores demográficos aplicados ao mercado laboral: ademais de calcular a desagregación por sexo e grupos de idade, tamén se estiman dous indicadores, tomados da demografía, que permiten medir a estrutura da poboación afiliada á Seguridade Social en Galicia:

- Indicador de estrutura da poboación afiliada: calcúlase dividindo a poboación afiliada en alta laboral de 40 ou máis anos entre a poboación afiliada de 16 a 39 anos, por cen. Permite estimar se o mercado laboral está envellecido: valores superiores a 100 indican que hai maior proporción de afiliación de persoas que superan os 40 anos que de persoas que non chegan a esta idade; valores iguais a 100 indican que ambos os dous grupos de poboación están equilibrados; e valores inferiores a 100 evidencian un mercado laboral con maior prevalencia de xente moza.
- A taxa de substitución da poboación activa: calcúlase dividindo a poboación afiliada menor de 25 anos entre a poboación afiliada maior de 55 anos, por cen. Este indicador permite comparar o volume de poboación que acaba de ingresar como cotizante ao Sistema da Seguridade Social, co de poboación que está próxima a abandonalo e pasar á situación de pensionista.

Altas, baixas e permanencias de afiliacións e de persoas afiliadas: comparando os microdatos recibidos nun mes cos recibidos no precedente, pódese estimar que parte das afiliacións e das persoas afiliadas inscritas en alta laboral no mes en curso xa o estiveran no mes anterior (permanencias), que parte non figuraba no mes previo (e, polo tanto, son altas no mes en curso), e que parte figuraba no mes previo pero xa non está en alta laboral no mes en curso (baixas).

⁹ Esta información pode consultarse dende a seguinte ligazón:

https://www.ige.gal/web/mostrar_actividade_estatistica.jsp?idioma=gl&codigo=0204036001

¹⁰ Para máis información sobre este indicador, pode consultarse o proxecto técnico desta estatística na web do IGE:

https://www.ige.gal/estatico/pdfs/s3/proyectosTecnicos/24-106_AfiliacionASeguridadSocialporConcelloResidenciaAfiliado.pdf

6. Presentación de resultados

O cambio de convenio coa Seguridade Social, mediante o cal o IGE comezou a recibir datos mensuais, non implicou un cambio substancial na información que se estaba a difundir, polo que se puideron seguir gravando os datos nas táboas multidimensionais existentes, sen ter que rachar unhas series que se viñan publicando de forma continuada dende 2011.

A difusión estrutúrase en dous bloques:

- Persoas afiliadas á Seguridade Social en alta laboral a último día hábil de mes: proporcionanse táboas co número de traballadores e traballadoras afiliadas en alta laboral segundo o concello de residencia da persoa, o sexo, o grupo de idade e a nacionalidade. Nestas táboas cada traballador/a contabilízase unha única vez, independentemente de que estea afiliado/a en varios réximes, traballe para varias empresas ou desempeñe distintas actividades. Tamén se publica o cociente entre o número de persoas afiliadas en alta laboral e o paro rexistrado por concello de residencia.
- Afiliacións á Seguridade Social en alta laboral a último día hábil de mes: publícanse táboas co número de afiliacións en alta laboral segundo o concello de residencia da persoa, o sexo, o grupo de idade, o sector de actividade e o réxime de afiliación. Neste caso cada persoa afiliada contabilízase tantas veces como situacións de cotización distintas teña. Tamén se difunde a sección de actividade económica nas comarcas e nos concellos de máis de 20.000 habitantes e, no caso da comarca, a especialización laboral desta.

No caso das táboas de afiliacións dispónse de datos semestrais dende 2006 ata 2010 (ambos inclusive), trimestrais dende 2011 e mensuais dende xaneiro/2022. A periodicidade da información de persoas afiliadas ten carácter trimestral dende 2011 e mensual dende xaneiro/2022.